

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 21 DE DECEMBRO DE 2016

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
Cid Narváez, Daniel
Espino Alvarado, Héctor
Fernández Castillo, Diego
Juana López, Jesús de
Lozano González, Carlos
Pérez Rguez, Fco. Javier
Prada Rodríguez, Julio
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Fdez Contreras, MCarmen
García Cabo, Manuel
Gómez Iglesias, Montserrat
López Díaz, María (Ano
sabático)
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o mércores 21 de decembro de 2016, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 19 de decembro de 2016

- Lectura e aprobación da acta anterior (7 de decembro de 2016)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, do Informe provisional de autoavaliación de renovación da acreditación
- Aprobación, se procede, da normativa sobre o TFM do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Aprobación, se procede, do uso da aula 2.1 para gravación de materias
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (7 de decembro de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cuestións de índole persoal), María López (ano sabático), M^a Carmen Fernández (permiso), Montserrat Gómez (quenda noutro departamento), Manuel García (compromisos adquiridos con anterioridade) e Sofía Taboada.
- Dende a Vicerreitoría do campus se nos propuxo a organización do Congreso Internacional da Auga, que ata o de agora se viña celebrando cada ano pero que neste caso será en setembro de 2018. Convocouse ao profesorado de cada área para recoller impresións, algúns manifestaron a vontade de colaborar e chegouse á conclusión de que si o imos organizar. Se farán áreas temáticas e toda a colaboración, suxestións, etc. serán benvidas.
- Informa que o Concello de Oímbra púxose en contacto co vicerreitor do campus para solicitar a colaboración da Facultade na realización dun estudo documentado do patrimonio cultural do concello. Esta colaboración poderíase artellar a través dun contrato de I+D. Consideramos moi bo que os concellos veñan á universidade con este tipo de propostas. Tras falar co profesorado de áreas diferentes, acordamos que á volta de Nadal nos entrevistaremos coa alcaldesa para concretar os termos da colaboración, a redacción dun convenio e a convocatoria de bolsas para traballar coa documentación.
- En relación coa semipresencialidade, un paso máis que queremos dar é o proxecto de gravación das clases. O Campus do Mar conta coa tecnoloxía e os servizos que poñen a nosa disposición. Este proxecto se estende a todos os graos que ofertan a modalidade semipresencial na UVigo. A idea é que se comece a gravar no 2º cuadrimestre as clases de Arqueoloxía Aplicada de 2º de grao e Arte clásica de 1º. Unha vez gravadas se subirán a un repositorio de Moodle. Estas gravacións pódense reeditar e tamén se pode silenciar o micro nun determinado momento. Outro aspecto é que cada docente regula o grao de apertura que terá o vídeo, só para o alumnado da materia, para o alumnado da facultade, etc. Estamos tratando de que a Vicerreitoría de Economía e Planificación habilite neste edificio unha aula de gravación, xa que o Edificio Facultades é o único do campus que carece deste recurso. Para elo as dúas decanas solicitaron esta habilitación, xa que a facultade de Ciencias de Educación non dispón de aulas, a proposta é que a aula 2.1, cun tamaño mais axeitado, e asignada a 4º de grao, se converta en aula de gravación. Outra acción complementaria será a gravación de pímulas que se gravarán

e editarán en Vigo. Ademais das dúas materias xa propostas, esta posibilidade é aberta e se alguén quere gravar algunha das súas materias que nolo faga saber. Enviárase un correo co enlace dun curso sobre gravación que se fixo recentemente. Cremos que é unha boa acción para o alumnado semipresencial e de cara ao plan de viabilidade do centro.

- Con respecto ao plan de viabilidade, acaban de notificar, dende a Vicerreitoría de Profesorado, que antes do 20 de xaneiro temos que actualizar dito plan, para que sexa supervisado antes do 30 de xaneiro que ten que enviarse á Xunta de Galicia. Trátase de revisar o plan de viabilidade realizado, actualizar os datos e recalcar que o noso é un proxecto a medio prazo que vai dando os seus froitos, de feito maniféstase un incremento da matrícula na modalidade semipresencial. Tamén estase a traballar o PCEO co Grao de Turismo, retomamos este proxecto tras unha reunión coa vicerreitora de profesorado que aconsellounos seguir para diante con este proxecto.
- Comunica a decana que vai formar parte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo como representante no sector dos Decanos/as e Directores/as.

3. Aprobación, se procede, do Informe provisional de autoavaliación de renovación da acreditación

Este informe que se enviou coa convocatoria ten un carácter provisional, o proceso é enviado a Área de Calidade para revisalo e coas consideracións que se fagan, elaborar o definitivo. Probablemente non haxa que reformalo moito porque estamos en contacto permanente coa Área de Calidade que nos asesora puntualmente.

Informar que para a realización desde proceso hai unha persoa contratada, que resulta de gran axuda. Tras reunir os indicadores e evidencias, subíralos á plataforma que ten habilitada a Xunta de Galicia. Como o centro tamén solicitou a certificación do sistema de calidade, prorrogáronlle o contrato dous meses máis.

Os membros da Xunta de Facultade aproban o informe.

4. Aprobación, se procede, da normativa sobre o TFM do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A decana cédelle a palabra á profesora Beatriz Vaquero, como secretaria do Máster. Beatriz indica que o punto central da reforma relaciónase coa capacidade do profesorado externo para titorizar os TFM, sendo preciso contar cun titor interno da universidade como apoio, xa que, aqueles non poden cubrir as actas nin asinalas. Ao final si poderán titorizar TFM. Xunto con esta modificación se actualizaron datas e documentación a presentar.

Apróbase a normativa sobre o TFM do máster.

5. Aprobación, se procede, do uso da aula 2.1 para gravación de materias


Polos motivos expostos no informe da decana, proponse utilizar a aula 2.1 para gravar as materias, polo que as clases de 4º de grao pasarían a aula 2.2 e as clases desdobladas de prácticas de 1º de grao se impartirían na 2.3. Se non se conseguise que para principios do 2º cuadrimestre a aula 2.1 estivera habilitada para as gravacións, a docencia desas materias tería que impartirse na aula de gravación do Edificio Politécnico.

6. Rolda de intervencións

O profesor Fco. Javier Pérez comenta que saíu publicada no DOGA a convocatoria da súa praza no CSIC, co que despois do proceso deixará a docencia na facultade.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.35 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas